

# STUDI LINGUISTICI

in onore di Lorenzo Massobrio

*a cura di*

Federica Cugno, Laura Mantovani,  
Matteo Rivoira, Maria Sabrina Specchia



Istituto dell'Atlante Linguistico Italiano  
Torino

*Il volume è pubblicato col contributo del Dipartimento di Studi Umanistici – StudiUm dell'Università degli Studi di Torino (Fondi di Ricerca locale 2012 – ex 60%)*

© 2014

Copyright by Istituto dell'Atlante Linguistico Italiano

10124 Torino, via Sant'Ottavio 20

tel. 011.6703291 – fax 011.6703786

e-mail: [ali.dsl@unito.it](mailto:ali.dsl@unito.it)

<http://www.atlantelinguistico.it>

*È vietata la riproduzione, anche parziale, non autorizzata, con qualsiasi mezzo effettuata, compresa la fotocopia, anche a uso interno e didattico. L'illecito sarà penalmente perseguibile a norma dell'art. 171 della Legge n. 633 del 22.04.1941*

ISBN 978-88-98051-09-0

# Paremioloxía xeográfica: refrás referidos a localidades galegas e os seus habitantes<sup>1</sup>

XOSÉ AFONSO ÁLVAREZ PÉREZ  
Centro de Linguística da Universidade de Lisboa  
xoseafonso.alvarez@gmail.com

*Para os veciños de Angrois.  
Agora xa todos queren ser coma eles.*

## 1. *Introdución*

Dentro do folclore, no seu sentido máis amplo, ocupan un lugar destacado o que a tradición deu en denominar *ditados tópicos*, o conxunto de seudoxentilicios, alcumes, proverbios ou refrás que se aplican a unha determinada localidade, rexión ou país e ós seus habitantes.

Así, por exemplo, os poboadores de Santiago de Compostela levan a alcuña de *picheleiros*, porque esta cidade destacaba na industria dos xerros para o viño; ou unha cantiga popular informa sobre os oficios máis comúns en varias localidades do país, atribuíndollas ó crego de cada vila: *O cura de Vigo é xastre, / o de Noia, zapateiro; / o de Ourense, afiador, / e o de Muros, mariñeiro.*

Porén, aínda que hai moitos ditados que poderíamos cualificar como neutros, motivados, como os anteriores, polo produto típico dunha vila ou por unha profesión, os máis deles serven como fío condutor das filias e fobias dunha determinada aldea cos seus veciños e como pretexto para chanzas e chacotas entre membros de comunidades lindadeiras ou máis afastadas. É moi habitual que a unha aldea se lle boten en cara feitos reais ou ficticios de toda caste, que poden remontar a moitos anos atrás, polo que non sempre é fácil reconstruír a orixe do ditado ou corroborar a súa exactitude histórica. Os veciños de Carril, na ría de Arousa, son coñecidos como *afogacristos*, segundo algúns, porque durante unha procesión ó longo da ribeira caeulle a cruz á auga, segundo outros, porque era costume amarraren os barcos ós cruceiros que había sobre as rochas (marcando o lugar de accidentes), e nunha noite de tormenta a cruz soltouse da súa base e caeu ó mar<sup>2</sup>. Esta explicación pode ter unha base real,

---

<sup>1</sup> Este traballo insírese dentro do proxecto *Paremioloxía romance: refranes meteorolóxicos y territorio* (Paremioloxía), financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad (2012-2014, FF12011-24032). Para a súa redacción, o autor beneficiouse dunha axuda do programa de recursos humanos da Fundação para a Ciéncia e a Tecnología do goberno portugués.

<sup>2</sup> En <http://www.blogoteca.com/ofaiadodamemoria/index.php?cod=72875> discútese estes e outros alcumes.

pero non a teñen numerosos ditados presentes por toda a Península que chaman ós dunha aldea *os da viña atravesada*, ou nomes semellantes, porque seica quixeron meter unha trabe dentro da igrexa, pero como tentaban introducila de través, non collía pola porta, ata que despois de moitas tentativas alguén suxeriu virala (e como recoñecemento do seu liderado intelectual, fixérono alcalde).

Para compilar e analizar os ditados tópicos galegos, o Instituto da Lingua Galega puxo en liña en 2011 o Portal de Ditados Tópicos Galegos (<http://ilg.usc.es/ditados>)<sup>3</sup>, que inclúe na súa primeira fase 1212 fichas recollidas por carteiros ó longo de toda Galicia para servir como fonte para o *Diccionario Geográfico Popular de España* de Camilo José Cela, que non chegou a completarse.

Neste traballo presentaremos unha mostra representativa dos 328 refráns<sup>4</sup> galegos incluídos nesa ferramenta<sup>5</sup>. Dentro dos ditados, os proverbios son particularmente expresivos, xa que acostuman ser manifestacións vituperantes de temática moi variada que normalmente aproveitan a rima para dar forza ás súas burlas, concretadas en acusacións de todo tipo (pouca intelixencia, carácter rudo, fealdade, afección ó roubo, etc.). Nin que dicir ten que non é necesario que exista unha base real para tales aldraxes, senón que se trata de bromas e piques entre veciños que a miúdo son retrucados pola outra parte con afirmacións igual de duras.

En moitos casos, encontramos os mesmos esquemas noutros dominios da Península Ibérica. Por exemplo, o noso corpus recolle o dito *San Martiño de Siós, trinta veciños, cuarenta ladrós*, que ten un paralelo case perfecto no refrán zamorano *Moreruela de los Infanzones: treinta vecinos, cuarenta ladrones*. Entre outros moitos exemplos posibles, podemos sinalar que se di en Galicia que *O xastre de Baiña cose de balde e pon as liñas*, un claro equivalente dun proverbio comparativo castelán, *Ser como el sastrer del Campillo, que cosía de balde y ponía el hilo* (ou tamén *El sastrer del Campillo y la costurera de Miera, que el uno ponía manos, y la otra trabajo y seda*).

## 2. Refráns que critican algún aspecto da localidade ou dos seus habitantes

### a) Lugares polos que cómpre viaxar con precaución

Son varias as admonicións ós viaxeiros para que pasen correndo por unha aldea, sen especificar a causa concreta que motiva ese consello: *A ponte Sigüeiro, pásaa lixeiro // Ao pasar por Piñeira, pata lixeira, pata lixeira*. Noutros casos, a rima obriga a mudar a recomendación de ir rápido por unha advertencia máis taxativa, non cómpre parar nesa localidade: *Por Mugares, pasa e non te pares // Por Untes, pasa e non preguntes*; é po-

<sup>3</sup> Descrito en Álvarez Pérez (no prelo).

<sup>4</sup> Empleo como sinónimos as etiquetas *dito*, *refrán* e *proverbio*, entendidas cun significado amplo de ‘frase curta coa que se expresa un pensamento popular supostamente baseado na experiencia, polo xeral con rima’.

<sup>5</sup> Por motivos de espazo e pola pouca relevancia deses datos para este traballo concreto, non sinalaremos o lugar de recollida de cada proverbio nin especificaremos o municipio e provincia ó que pertence cada localidade. O lector interesado pode acudir ó mencionado *Portal de Ditados Tópicos Galegos* e facer a busca do proverbio, para recuperar toda esa información.

sible, incluso, graduar varias poboacións non aconsellables segundo o produtor do refrán: *En Ares non te pares, en Redes non te quedes, en Caamouco para pouco.*

Aínda que os máis dos proverbios se limitan a recomendar precaución ó camiñante, hai tamén quen aconselle taxativamente evitar eses lugares: *De pasar por Cancillós, librenos Dios.*

*b) Lugares sen valor e localidades pouco recomendables*

Seguindo na liña do apartado anterior, hai numerosos proverbios que comentan o pouco valor de determinadas parroquias e aldeas. A variedade formal é grande. Coma sempre, varios refráns xogan directamente coa rima de cada unha das localidades citadas: *Fonsagrada, fonte sen auga, monte sen leña e home sen palabra // Os da Pousa son moi pouca cousa // Valadares, Valadares, moita sona e pouco vales // Valboa, non hai cousa boa.* Con todo, hai procedementos formais máis apurados para conseguir proverbios satíricos sobre aquelas localidades que non teñen unha rima doada de emparellar. En dous casos, encontramos extensións despois do nome da localidade que introducen algúns elementos criticables, que teñen que ser entendidos non como o único do que carecen, senón como mostra do seu pouco valor: *Asenso, non hai quen buscar; de día vellas ó sol, de noite cans a ladrar // Na Corga non hai mazás; a única regalía que ten é a de oír cantar as rás.* Noutra ocasión, o que se fai é ofrecer catro nomes, emparellados dous a dous, de modo que sexa a rima do segundo a que permite acuñar o proverbio: *Muni-ferral e Feás, Verís e Cambás, todos xuntos non valen cen réas.* Finalmente, o procedemento máis orixinal é o que foi empregue no proverbio *Charamugas, encendedes o forno con carpazas e sáenvos as tortas crúas.* En troques do nome propio da localidade, emprégase o alcume dos seus habitantes, neste caso, *charamugas*, a alcuña da parroquia de Armariz, no concello ourensán de Nogueira de Ramuín. Ademais de permitirlle facer a rima, o alcume dálle máis forza aínda ó proverbio, xa que *charamuga* significa 'leña miúda', o que explica que o seu forno non teña forza e non dea cocido as tortas.

Pódense sinalar, canda estes, outros tres proverbios que cualifican varias localidades como cousa do Demo, non está claro se polo seu nulo valor, como nos refráns que acabamos de ver, ou se pola ruindade dos seus habitantes. O primeiro caso que se pode sinalar é curioso, xa que o proverbio ten dúas variantes, con lugares que coinciden, pero outros que discrepan: *Alongos fronte a Untes, con Trelle, Trellerma, Toén e Mugares; o demo che leve esos cinco lugares! // Trelle, Trellerma, Xestosa e Mugares, léveos o demo eses catro lugares.* A estrutura (e o apelativo demoníaco invocado) é diferente no segundo caso: *Son tres pobos de Barrabás: Veredo, Ameá e Meilás.*

*c) Ladróns*

Trátase dunha das motivacións máis estendidas na creación dos refráns, botar en cara ós habitantes dunha determinada localidade o hábito de roubar.

Moitas veces son refráns creados a partir dun mesmo patrón, como foi referido anteriormente, tal e como acontece nun paremiotipo hiperbólico, moi frecuente en Galicia e en España, onde se sinala que a aldea ten máis ladróns que habitantes: *Ca-*

*tasós, catorce veciños e quince ladróns // San Martiño de Presqueira, sete veciños e nove ladróns // San Martiño de Siós, trinta veciños, corenta ladróns // Viladequinta, villa de honores, noventa vecinos, ochenta ladrones*<sup>6</sup>.

Desde o punto de vista formal, encontramos bastante variedade nos proverbios que explican que todos os poboadores se dedican ó roubo: *Ribas Alta, Reigada e Bascós, todos son testemuñas falsas e ladróns // Viladomato, o que non é ladrón, é gato // Toutón, cada casa, seu ladrón*.

Outras veces, o refraneiro presenta a acusación dun modo máis suave, en forma de recomendación ó viaxeiro: *Ao pasar por Sandiás, mira para diante e para atrás // Ponteareas, deixa la capa donde la veas*. Algunhas veces engádesse unha frase que fai máis explícito o consello, por se houber dúbidas sobre o que se quere transmitir: *Ponteareas, deixa a capa onde a vexas; se miras para atrás, non a verás máis*.

Todos os proverbios anteriores construíronse sobre a base da rima da aldea en cuestión, normalmente coa palabra *ladrón* en singular ou plural. Non é, no entanto, o único procedemento, pois tamén hai xogos de palabras, como neste refrán que se refire ó concello ourensán de Bande: *Bande bandido, ladrón conocido*.

#### *d) Persoas que faltan á palabra dada*

Poucas cousas hai tan reprochables na comunidade tradicional como incumprir as promesas feitas e non ser de fiar nos tratos, pechados cunha aperta de mans sen necesidade de papeis e sinaturas. Non facer o prometido implicaba a perda da honra e un forte rexeitamento social, polo que non ten que sorprender que este motivo abunde no corpus dos ditados tópicos. Xa se citou este refrán que, para alén de sinalar o pouco valor da Fonsagrada, tamén nos fai lembrar que un home sen palabra non vale nada, como unha fonte sen auga ou un monte sen árbores: *Fonsagrada, fonte sen auga, monte sen leña e home sen palabra*. Tamén se comentou anteriormente que *Ribas Alta, Reigada e Bascós, todos son testemuñas falsas e ladróns*; isto é, o roubo e a falta de palabra colócanse ó mesmo nivel na escala de reproche social.

Podemos sinalar, en primeiro lugar, tres variantes sobre un mesmo tema, a pouca garantía do que di a xente de Pazos de Borbén, que son testemuñas falsas, e a escasa fiabilidade nas relacións comerciais en que interveñen: *A xente de Borbén di o que non sabe e vende o que non ten // Os de Borbén din o que non saben e venden o que non ten // Pazos de Borbén, compran o que non ven, venden o que non ten*. O corpus tamén ten dúas variantes onde alterna o nome da localidade, unha mostra da facilidade de refacción deste tipo de proverbios para aplicalos a outras localidades: *Cos de Eixeibrón, nin trato nin conversación // Cos de Escairón, nin trato nin conversación*.

A propósito da variabilidade destes proverbios (e isto dá unha boa idea da súa fiabilidade), cómpre sinalar dous ditos antitéticos que foron recollidos na mesma localidade, a aldea aludida no refrán: *Xente de Ousá, canto di boxe non é nada mañá // Xente*

<sup>6</sup> Repárese en que, neste caso, inverteuse a orde habitual dos números, deixando máis habitantes que ladróns..

de Ousá, *canto din, canto fan*. Cabe pensar que quen existiu antes foi o primeiro refrán, acuñado nalgunha aldea veciña, un proverbio ó que retrucaron os de Ousá creando unha variante que lles repuxese a honra perdida.

e) *Mala xente*

Moitas veces as descualificacións que contén o refraneiro son máis ben xenéricas, sen especificar cal é o aspecto criticable da localidade en cuestión. A variedade é moi grande, como se observa con estes 12 refráns, que non repiten ningún modelo: *Amigos de Cea e compadres de Oseira, traelos de lado como a faltriqueira // Cos de Baredo, ou ser amigo ou ter medo // En Medín, vergonza non a vin // Los de Morás, una vez y nada más // No Couto, tan bo é un coma o outro // Os da Ribeira, nin na casa nin na feira // Os de Dorrón, mala xente e bo terrón // Pazos, Trasdeza, nin bos mozos nin boa peza // Xente de Vea, Deus a dea // Xente do Pereiro, tropa do carallo.*

Por cuestións formais, interesa citar á parte dous proverbios que fan xogo de palabras co nome da localidade que critican: *Trabada, traba; se non é á saída, é á entrada // Xente de Pino, mala madeira*. Deixo tamén para o final os dous únicos refráns que comparten a mesma estrutura e que son, ademais, os menos xenéricos do corpus, xa que o seu reproche é bastante concreto, contra a covardía de facer unha crítica por detrás sen ter o valor suficiente para facelo abertamente: *Os de Aldán tiran a pedra e esconden a man // Os de San Cibrao tiran a pedra e esconden a mao.*

f) *Comportamento*

Tamén son numerosos os refráns que censuran comportamentos considerados pouco axeitados con respecto ó paradigma social da época, como pode ser a inversión dos roles tradicionais de cada sexo (*Eirón, onde os homes visten saia e as mulleres pantalón*), levantarse da mesa nada máis rematar de comer (*A xente de Mañente come e vaíse*) ou que unha muller sente no chan, máis aínda se estraga o cereal (*As mozas que van a Matamán<sup>7</sup> sentan o cu no chan aínda que estraxen a ferrán*).

Outras veces trátase de botar en cara comportamentos que revelan falta de intelixencia ou enxeño por parte de quen os fai, tal e como o ben coñecido proverbio da viga que se citaba na introdución. Seguramente, o caso máis extremo sexa o dunha parroquia do concello ourensán de Trasmiras: *Os de Escornaboís xonguen as vacas e moxen os bois*. Tampouco mostran máis enxeño, se é que non queren acabar cheos de cachorros, os habitantes de Forcadela, en Tomiño (Pontevedra), dos que se di que *Os de Forcadela atan o can coa cadela*. As (escasas) pericias na danza dan lugar ó refrán *Os do Couto, pousan un pé e bailan co outro*, mentres que tamén hai no corpus proverbios moito máis feridores, especialmente na súa segunda parte: *Os de Marzá comen manteiga con pan e os de Vilareda lámbenlle o cu á cadela*.

<sup>7</sup> Neste caso, a rima vese facilitada pola alteración do topónimo correcto, que é Matamá.

g) *Aldeas egoístas que non ofrecen pan ó viaxeiro*

Un motivo moi frecuente no corpus de refráns é a denuncia daquelas localidades con poboadores egoístas que lle negan incluso o pan ó camiñante que as visita.

O noso corpus recolle dous proverbios que inclúen o topónimo Miranda, un deles moito máis extenso có outro: *Se vas a Miranda, leva o pan na manga e o coitelo para cortar, que alí non che ban dar // Os de Miranda levan o pan na manga*. Trátase dunha cuestión interesante, pois aínda que o topónimo é o mesmo, os referentes son distintos, polo menos no momento actual, xa que un deles recolleuse no concello lugués da Pontenova (antiga Terra de Miranda), e o outro procede da parroquia de Miranda, no concello de Castrovirde, a máis de 40 km do anterior; ademais, sabemos que existe un refrán semellante en mirandés, referido á localidade de Miranda do Douro<sup>8</sup>. Anteriormente sinalouse a existencia de modelos preconstruídos onde alternaban os nomes das localidades, e neste caso temos un mesmo significante con diversos referentes. Como se pode observar, os refráns circulan e non é fácil marcar o punto de orixe, se é que non son creacións polixenéticas, isto é, identificar a Miranda onde naceu este refrán (máis ben, nalgunha acusadora aldea veciña).

Ós proverbios sobre Miranda temos que axuntarlles tres refráns moi semellantes desde o punto de vista formal, especialmente os dous primeiros (varía apenas a primeira das localidades implicadas): *Se vas para Camba, leva o pan na manga, e se vas para Deza, que non che esqueza // Se vas para Dozón, leva o pan no bolsón, e por se acaso vas para Deza, que non che esqueza // Se vas a Remonde, leva pan que che abonde, e coitelo para cortar, que alí non cho van dar*.

Existe no noso corpus moita diversidade de proverbios, se ben que case todos recuperan algunha parte do paremiotipo comentado nos parágrafos anteriores: *A Valdoviño irás e coitelo levarás // Os de Xavestre queren pan, e non o dan, e rabeian como un can // Os de Zas gardan o pan nos petos // Se vas a Bendia, leva a merenda, que non hai quen a dea nin quen a venda // Se vas a Vea, leva pan para a cea*.

Finalmente, pódense comentar algúns refráns que inciden na mesma idea, mais sen presentala en forma de consello para o viaxeiro, senón como afirmación descriptiva sobre a falta de recursos e a pobreza da localidade: *En Miranda, moita bambolia: olas ao lume con auga sola // Os de Atán non beben viño nin comen pan // Ricosende, fame e sende*<sup>9</sup>.

h) *Gando*

Non poden faltar nunha sociedade tradicional como a galega, baseada na actividade agropecuaria, numerosos proverbios que sitúan o gando como motivo central. Poden distinguirse dous grupos, aqueles que informan de que o gando dunha zona é malo e os que tratan en conxunto os animais da localidade e os seus habitantes.

<sup>8</sup> Non coñezo unha crítica equivalente para a burgalesa Miranda de Ebro, pero non sae moito mellor parada, xa que se escoita dicir en España que *Si vas a Miranda, cágate y vente, porque si feo es Miranda, peor es la gente*.

<sup>9</sup> Para permitir a rima, adaptación a palabra *sede* á forma do topónimo.



Dentro do primeiro conxunto podemos recuperar seis proverbios que cobren un amplo abano de animais: *A Agrela, nin as vacas ao boi // Da terra de Lugo, nin boa besta nin bo burro // // En Dozón, nin boa cabra nin bo castrón // En Petán, nin bo carneiro nin boa la // Fozara, a vella porca, a nova non vale nada // Terra de Botos, malas bestas, malos burros.*

No segundo conxunto observamos, en primeiro lugar, varios refráns despectivos ó mesmo tempo contra o gando (en xeral ou animais específicos) e os poboadores dun determinado lugar: *Da ponte para aló, nin cochos nin xente<sup>10</sup> // De San Cosme, nin galiñas // Do Condado, nin xente nin gado // En Cando, nin xente nin gando // En Corme, nin boa besta nin bo home // En Mougán, nin bo amo nin bo can.* Un subgrupo significativo polo seu número é o dos proverbios que critican a calidade do gando bovino xuntamente co pouco atractivo das mulleres da localidade: *Muller de Xavestre e boi de Chaián, compra boxe e vende mañá // Nin vaca de Arcos, nin muller de Córghomo, resultou ben en Portela // Santa Cristina, nin boa vaca nin boa veciña // Vacas de Mandaio e nenas de Cesuras, aparta delas coma de Xudas // Vaca de Manzalvos e muller da Mezquita, quita, quita.* Apenas apareceu un refrán que criticase individualmente os homes, e inda así cita tamén as mulleres: *Home de Melide, muller de Sobrado e vaca de Furelos, que os leven os demos.*

Para pechar esta sección pódese citar un curioso refrán que se afasta do paradigma anteriormente sinalado: *A quen mal lle queirás<sup>11</sup>, deséxalle ser vaca ou boi de Ameá.* Esta aldea do concello ourensán de Sarreaus está situada na aba dun monte onde os seus poboadores teñen varias leiras; por tanto, os carros teñen que subir para arriba e para abaixo das montañas, co conseguinte sufrimento do animal que os move.

#### *i) Vilas das mentiras*

Pechan este capítulo uns refráns que non son propiamente despectivos contra as aldeas ou os seus poboadores, senón que efectúan xogos de palabras a partir do nome da localidade. Son creacións moi comúns en toda España con entidades de poboación que leven o nome de *Vila* ou *Villa*, debido á diferente denotación dese concepto no momento de acuñarse o topónimo e no mundo actual<sup>12</sup>.

De Vilanova de Lourenzá (deturpada en *Lorenzana*) dise que é *A vila das tres mentiras: que non é vila, que non é nova e que non é de Lourenzo nin de Ana.* Noutros casos, o número de mentiras é inferior, como acontece con Vilaseco (*Villaseco, pueblo de las dos mentiras, porque no es villa ni seco*) ou con Vila de Rei (*Pueblo de las dos mentiras, porque no es villa ni tiene rey*).

<sup>10</sup> O refrán recolleuse na localidade de Viveiro; a ficha indica que fai referencia ós da parroquia de Covas, que están do outro lado da ría.

<sup>11</sup> *Queiras*, con desprazamento acentual por mor da rima.

<sup>12</sup> No uso actual, a categoría “vila” é un intermedio entre “aldea” e “cidade”, polo que para que unha entidade de poboación poida ter ese tratamento, requírese ter un certo número de habitantes, uns servizos básicos, peso socioeconómico na bisbarra ou concello, etc.

## 3. Refráns que expresan consideracións positivas

O groso do corpus do *Portal de Ditados Tópicos* está formado por entradas pexorativas que critican numerosos aspectos específicos ou, moi comunmente, poñen en cuestión todo o conxunto da localidade ou poboadores, por veces de forma moi agresiva. Non obstante, non faltan elementos que ofrecen o outro punto de mira, unha gabanza esaxerada do lugar en cuestión, entre eles varios refráns.

A propia morfoloxía de moitos destes proverbios denuncia unha creación recente. O feito de estaren en castelán varios deles (incluso con castelanización do topónimo, como no caso de Pontearreas) deixa aberta a porta a que sexan innovacións creadas cando os carteiros rurais recollían os refráns para o *Diccionario Geográfico Popular de España* de Camilo José Cela, ben por querer impresionar o escritor con creacións expresivas, ben por “orgullo patriótico”, para que a súa localidade non carrexase o estigma dun alcume ou proverbio negativo. Como exemplos destes proverbios, pódense citar: *A Devesa vale moito máis que pesa // Boazo, Aguil e Sas de Penelas, a flor de Caldelas // Con los de Loeda no hay quien pueda, porque somos del arte de la madera*<sup>13</sup> // *De Lugo a Fonsagrada, pueblos bonitos; Romeán y Castroverde, los dos distintos // Os de Fufín tocan o violín // Os de Guilfrei e Narón teñen moito corazón // Os de Priegue, non hai quen os cegue // Para viño o Ribeiro e para nenas guapas o Chao de Amoeiro // Puenteareas es la capital del Condado y si la visitas quedarás encantado // Que vivan los de Morás, siempre por encima de los demás // Si quieres salud conseguir, a la Cañiza vente a vivir // Si vas a Puenteareas, es la tierra que mejor veas*. Nun caso, incluso se proporcionou como refrán unha adaptación dun lema turístico creado hai anos, *Sexa feliz en Guitiriz*<sup>14</sup>.

Nalgún caso, o que hai son refaccións doutros proverbios. Algúns deles, pola súa forma, préstanse moi ben para estes procedementos. Un refrán habitual en terras pontevedresas como *Mourente, mala terra e peor xente*, pode transformarse doadamente en *Mourente, boa terra e mellor xente*. Iso é o que acontece co proverbio *En Sabaxáns, boa xente e malos cans*, que posiblemente fose despectivo en orixe.

Son numerosos os xogos de palabras, como acontece con *Os da Lonía cheiran a colonia // Para Puga, quen poida, fuga // Quen dixo Vide, dixo vida*. En dous casos indícase que os habitantes dunha localidade son persoas ilustradas, porque o seu nome contén *don*, unha forma de tratamento que aínda que hoxe en día está moi xeneralizada, tempos atrás estaba reservada a determinados estratos, entre eles os que cursaran o Bacharelato: *Los de Dozón tienen el don // Os habitantes de Donsión son homes de ciencia por levar o “don”*.

Ocupan un lugar de honra os proverbios que describen cales son as mellores especialidades culinarias e, sobre todo, vinícolas de Galicia, unha información imprescindible para o coñecemento real do país e unha boa ocasión para as localidades

<sup>13</sup> Nesa localidade hai varios serradoiros, por iso afirman “ser del arte de la madera”.

<sup>14</sup> Nos anos sesenta do s. XX, esta localidade lucense foi promocionada para o turismo de interior, polo que apareceron campañas publicitarias con “imaxinativos” lemas como *Guitiriz, tierra feliz; Sea feliz en Guitiriz* ou *Y recuerde: en Guitiriz, verano feliz*.

galegas para teren sona por algo positivo, e non por todas as calamidades citadas no apartado 2 deste traballo: *Bo viño o das Saiñas, que sente cantar o peixe // En Vilela, o mellor viño da nosa terra // O viño de Entenza é media mantenza // O viño de Porto saca o mal do corpo // Para bebedores, chourizo e morcela, os de Vilar de Silleda // Para comer chuletas ou mexillón, Moaña éche o mellor rincón // Para pan e viño, Carballiño // Se chourizos queres comer, de Souto teñen que ser // Se queres tomar un bo viño, ao pasar polo Ribeiro vai por Castrelo de Miño // Untes, terra de bon viño: cando pases por Untes, bebe e non preguntes.*

#### 4. Outras motivacións

Para rematar, agrupamos neste apartado algúns refráns que conteñen un topónimo, pero que xa non están dedicados á gabanza ou crítica da localidade citada. Distinguiremos dous núcleos temáticos igualmente importantes, pero en perspectivas distintas, o tempo e o diñeiro.

Teñen un papel importante os proverbios meteorolóxicos. O proxecto *Paremiología romance: refranes meteorológicos y territorio* (<http://stel.uab.edu/paremio-rom>), que dirixe o Prof. José Enrique Gargallo (Univ. de Barcelona), recompila de modo exhaustivo milleiros de refráns que prognostican o tempo atmosférico segundo a dirección dos ventos ou a posición das nubes, e hai exemplos diso no noso corpus de ditados tópicos<sup>15</sup>.

O Pico Sagro ou Sacro é un monte situado nas proximidades de Santiago de Compostela, que sempre estivo rodeado de narracións lendarias e máxicas. Pola súa elevación sobre as terras da contorna, é facilmente visible desde os arredores e pódese distinguir con frecuencia que ten nubes ó redor do seu cume, un sinal que indica ós habitantes da veciña Lestedo que vai chover: *Cando o noso Pico Sacro cubra o seu branco capelo, rapaciñas de Lestedo, cubride o voso mantelo.* En boa parte de Lugo<sup>16</sup> sábese que se o vento vén do lado de Meira (isto é, do NO) entón vai chover: *Aire de Meira, caldeiro á goteira.* Nunha mesma localidade da costa recolleuse a información de que se hai néboa no Cabo Silleiro é sinal de chuvia próxima (*Néboa en Silleiro, chuvia no eido*), mentres que se é no Monte da Groba, entón significa que o tempo vai mudar (*Néboa na Groba, norte fóra*).

É curioso o refrán *Traballar para a Torre de Aldán*, co significado de ‘traballar de balde, sen (apenas) recibir nada a cambio’, un concepto que en boa parte de Galicia se define con unidades fraseolóxicas semellantes, *traballar para o inglés, traballar para o conde*, etc.<sup>17</sup>. O carteiro que recolleu este proverbio, na parroquia de Aldán (concello de Cangas) explica esta enigmática alusión:

<sup>15</sup> Véxase Bastardas (2010) para un estudo sobre os refráns meteorolóxicos con topónimo na veciña Asturias.

<sup>16</sup> Neste caso, o proverbio recolleuse no concello de Ribeira de Piquín, no extremo oriental da provincia de Lugo.

<sup>17</sup> López & Soto (2010: 223)

En tiempos pasados, fueron a trabajar en calidad de esclavos al cierre de murallas y otros a la “Torre” de la finca o Pazo del hoy Conde de Canalejas, y se suele decir, aun hoy en la actualidad (sic), a todo aquel que trabaje gratis, o por poco dinero “Esto es trabajar para Aldan, o Para la Torre de Aldan”, que es lo mismo.

Relacionado con este tema, hai que citar de novo o refrán *O xastre de Baiña cose de balde e pon as liñas*, xa comentado na introdución, ó que hai que engadir o paralelo *Ser como o xastre de Caldeliñas, que traballa de balde e pon as liñas*. Outra advertencia contra os traballos sen remuneración ten esta forma: *os encargos sen diñeiro quedan no cabo Silleiro*<sup>18</sup>.

##### 5. Cabo: os veciños de Angrois e a polémica sobre a veracidade dos ditados

Na tarde do 24 de xullo de 2013 ocorreu un dos accidentes ferroviarios máis graves das últimas décadas en Europa. Un tren descarrilou nunha curva de aproximación á estación de Santiago de Compostela, deixando 79 mortos. Nos primeiros momentos, o rescate dos corpos e a asistencia dos feridos correu a cargo dos veciños da aldea compostelá de Angrois, situada sobre o camiño de ferro. O carácter exemplar do seu comportamento foi recoñecido unanimemente polos afectados e pola opinión pública<sup>19</sup>.

Ironicamente, varios ditados tópicos galegos fan referencia ós veciños de Angrois, e non precisamente en termos eloxiosos. Aínda que practicamente xa non están en uso na fala de todos os días, o dicionario galego-castelán de Eladio Rodríguez, de onde pasou a outras obras, ten unha entrada *Angrois* que recolle varias desas afirmacións:

Nombre de una aldea próxima a la ciudad de Santiago, que ha dado lugar a la formación de varias frases y locuciones muy gallegas, fundadas en un supuesto pueblo imaginario de habitantes rudos.

*¿Coidas que son de Angrois?, ¿crees que soy tonto y me engañas?*

*Non veño de Angrois*, y también *non vimos de Angrois*, dícenlo aqueles que non quieren pasar plaza de cándidos, de inocentes o de pouco avisados.

*Parece que vés de Angrois*, se dice al que da señales de estar abobado o de tener corto entendimiento.

---

<sup>18</sup> Así se recolleu no noso corpus en Baredo, Baiona, pero noutros puntos de Galicia prefírese *Encargos sen diñeiro non pasan de Sigüeiro* ou tamén *Encargos sen diñeiro chegan ó primeiro regueiro*, semellante ó seu paralelo castelán: *Encomendar sin dinero, es encomendar a Duero*.

<sup>19</sup> Entre outros recoñecementos, concedéuselles a Medalla de Ouro de Santiago de Compostela. No momento de escribir este texto, a cadea “héros de Angrois” recupera máis de 70.000 resultados no Google. No entanto, a atención recibida polas autoridades non foi tan exemplar ([http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2013/08/03/angrois-pienses-actua/0003\\_201308G3P6991.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2013/08/03/angrois-pienses-actua/0003_201308G3P6991.htm)).

*¿Seica somos de Angrois, ou qué?*, suele objetarlo el que cree que lo toman por inexperto o por torpe.

Loxicamente, como se puido deducir da lectura dos numerosos refráns comentados neste traballo, estas afirmacións non conteñen máis verdade ou máis mentira cós centos de ditados que aconsellan fuxir dos de Oza porque teñen parasitas (*carra-chentas*), dos de Catasós pola súa afección ás cousas alleas (*Catasós, catorce veciños e quince ladróns*) ou da xente de Cea e de Oseira por non seren de ningunha confianza (*Amigos de Cea e compadres d'Oseira, traelos de lado como a faltriqueira*).

Non entanto, o profundo contraste entre o denigrante apelativo e os valores éticos demostrados polos veciños de Angrois, fixo que aparecesen iniciativas que pretenden reparar unha pretendida incuria creada pola existencia de ditados tópicos ofensivos contra esa aldea. A pesar de que a propia fonte que contén as referencias despectivas específica que son acusacións baseadas nun “supuesto pueblo imaginario”, un partido político solicitou eliminar toda traza dos ditados referentes a Angrois<sup>20</sup>, sen aclarar o que quere facer cos milleiros de alusións pouco gratificantes a outras localidades do país, que quizais, por omisión, considere que son certas.

#### Bibliografía

- ÁLVAREZ PÉREZ X.A. (dir.) (2011-), *Portal de ditados tópicos galegos*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/ditados>>.
- ÁLVAREZ PÉREZ X.A. (no prelo), *Edición de los materiales gallegos del Diccionario Geográfico Popular de España de Camilo José Cela*, in AA.VV, *Actas do XXIV ICOS International Congress of Onomastic Sciences*.
- ÁLVAREZ PÉREZ X.A., DAVID R.L. & DAMIÁN S.V. (2010), *Unha aproximación ós ditados tópicos coruñeses nos materiais do Diccionario geográfico popular de España*, in «El Extramundi y los Papeles de Iria Flavia», 61, pp. 149-164. <[http://geolinguistica.org/textos/extramundi\\_cor.pdf](http://geolinguistica.org/textos/extramundi_cor.pdf)>.
- ÁLVAREZ PÉREZ X.A., DAVID R.L. & DAMIÁN S.V. (2010), *Unha aproximación ós ditados tópicos lugueses nos materiais do Diccionario geográfico popular de España*, in «El Extramundi y los Papeles de Iria Flavia», 62, pp. 139-160. <[http://geolinguistica.org/textos/extramundi\\_lug.pdf](http://geolinguistica.org/textos/extramundi_lug.pdf)>.
- ÁLVAREZ PÉREZ X.A., DAVID R.L. & DAMIÁN S.V. (2010), *Unha aproximación ós ditados tópicos ourensáns nos materiais do Diccionario geográfico popular de España*, in «El Extramundi y los Papeles de Iria Flavia», 63, pp. 141-160. <[http://geolinguistica.org/textos/extramundi\\_our.pdf](http://geolinguistica.org/textos/extramundi_our.pdf)>.

<sup>20</sup> <<http://www.elcorreogallego.es/santiago/ecg/bng-pide-modifique-acepcion-peyorativa-angrois-enciclopedia-gallega/idEdicion-2013-08-22/idNoticia-822997>; [http://www.lavozdegalicia.es/noticia/opinion/2013/08/24/seica-angrois/0003\\_201308G24P13998.htm](http://www.lavozdegalicia.es/noticia/opinion/2013/08/24/seica-angrois/0003_201308G24P13998.htm)>.

- ÁLVAREZ PÉREZ X.A., DAVID R.L. & DAMIÁN S.V. (2010), *Unha aproximación ós ditados tópicos pontevedreses nos materiais do* Diccionario geográfico popular de España, in «El Extramundi y los Papeles de Iria Flavia», 64, pp. 139-162. [http://geolingüística.org/textos/extramundi\\_pon.pdf](http://geolingüística.org/textos/extramundi_pon.pdf)
- BASTARDAS M.R. (2010), *Topónimos en los refraneros meteorológicos asturianos*, in Cano González A. M<sup>a</sup> (a cura di) (2010), *Homenaxe al Profesor Xosé Lluís García Arias*, Uviéu, Academia de la Llingua Asturiana, vol. 2, pp. 543-559.
- CELA C.J. (1998), *Diccionario geográfico popular de España. 1. Introducción a la dictadología tópica*, Madrid, Noesis.
- GARGALLO GIL J.E. (2011), *Refráns meteorolóxicos e atlas románicos, paremioloxía e territorio*, in «Estudios de Lingüística Galega», 3, pp. 31-50. <[http://ilg.usc.es/elg/volume/3/pescuda/Pescuda\\_Gargallo\\_ELG03\\_2011.pdf](http://ilg.usc.es/elg/volume/3/pescuda/Pescuda_Gargallo_ELG03_2011.pdf)>.
- LÓPEZ TABOADA C. & MARÍA ROSARIO S.A. (2010), *Sete catas na orixe da fraseoloxía*, in «Estudios de Lingüística Galega», 2, pp. 221-233. <[http://ilg.usc.es/elg/volume/2/pencira/Pencira\\_SotoELopez\\_ELG02\\_2010.pdf](http://ilg.usc.es/elg/volume/2/pencira/Pencira_SotoELopez_ELG02_2010.pdf)>.
- RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ E. (1958-1961), *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, Galaxia, Vigo.